

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS MUNICIPAIS A ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO DO CONCELLO DE TOMIÑO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIIS DURANTE O ANO 2026 (EXP. 931/2026)

Primeira. Obxecto da convocatoria.

A presente convocatoria ten por finalidade apoiar e promover en réxime de concorrencia competitiva a concesión de subvencións entre as entidades culturais sen fins de lucro que reúnan os requisitos establecidos nesta convocatoria específica de subvencións, que desenvolvan proxectos ou actividades culturais que e contribúan ao fomento dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza do municipio e, en especial, a promoción ou recuperación da cultura e tradicións locais e que se realicen durante o ano 2026.

1. Con cargo ás correspondentes dotacións orzamentarias, o obxecto das axudas e subvencións comprenderá os gastos das actividades enmarcadas en cada unha das seguintes áreas de actuación:

- A realización de actividades culturais por asociacións culturais, veciñais e xuvenís.
 - A realización de actividades de recuperación e difusión do patrimonio cultural.
 - A realización de actividades de promoción dos produtos agrícolas ou gastronómicos da zona.
 - As actuacións tendentes á recuperación de espazos naturais e/ou de lecer.
 - Outros proxectos ou actividades “de especial interese cultural e social” nos que estea xustificada o seu financiamento municipal.
2. Especificamente quedan excluídos os gastos derivados de:
- Adquisición, reparación ou mantemento de bens de inmovilizado.
 - Consumo eléctrico, consumo telefónico e similares.
 - Celebración das festas parroquiais.
 - Gastos derivados de comidas e similares, agás que se trate de accións formativas e culturais, e que os produtos resultantes non sexan obxecto de venda.
 - Os saldos debedores das contas bancarias.
 - Os impostos, recargas e sancións administrativas e penais.
 - Os gastos de procedementos xudiciais.
 - Gastos que non estean directamente vinculados á actividade obxecto de subvención, ou que dificilmente poidan relacionarse coa mesma. Neste sentido terase especialmente en conta os conceptos especificados nas facturas que se entregarán como xustificantes dos gastos.



- **Gastos derivados de actuacións de grupos adheridos ó Circuito Cultural do Concello de Tomiño.**

3. A entidade de carácter cultural solicitante deberá declarar todas as subvencións que teña obtido ou solicitado para o 2026.

4. A subvención concedida destinarase en exclusiva a cubrir os gastos de proxectos ou actividades concretas e individualizadas no ano 2026 e que se definen na Base Primeira, punto 1.

Segunda. Beneficiarios/as.

Serán beneficiarias da subvención os organismos, institucións, asociacións, grupos e colectivos que:

- Non teñan fins lucrativos.
- Teñan o domicilio fiscal, sede ou oficina no concello de Tomiño e acrediten que as actividades obxecto de subvención se realizarán no termo municipal.
- Desenvolvan actividades culturais en xeral, e en especial a promoción ou recuperación da cultura e tradicións locais e o fomento dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza do municipio.
- Que dispoñan de estrutura e experiencia que garanta a viabilidade dos proxectos e das actividades.

Terceira. Requisitos dos/as solicitantes e beneficiarios/as.

Poderán solicitar axudas á presente convocatoria as entidades de carácter cultural, que estean inscritas no rexistro municipal de asociacións do Concello de Tomiño con anterioridade ao momento da publicación das bases no BOPPO, teñan personalidade xurídica propia e finalidade non lucrativa, que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar ao corrente con AEAT, Xunta de Galicia, Seguridade Social e Concello de Tomiño.
- Non estean incluídas en ningunha das causas de incompatibilidade ou de incapacidade para ser beneficiarias ou percibir as subvencións previstas na LXS.
- Que a dita entidade teña debidamente xustificadas as subvencións concedidas en anteriores convocatorias ou teña solicitada unha prórroga debidamente xustificada e aprobada.



- Só se poderá conceder unha subvención por cada entidade. Para estes efectos, consideraranse unha soa entidade todas aquelas nas que as socias e socios ou membros da Xunta Directiva sexan comúns nunha porcentaxe superior ao 50 %, e vinculadas, nos termos establecidos na LXS e nas súas normas de funcionamento e as que puidesen encaixar no concepto de grupo, nos termos dispostos no Código de comercio.

Cuarta. Financiamento da convocatoria.

A concesión de axudas reguladas nesta orde será atendida con cargo á aplicación orzamentaria 334.489.00 do exercicio orzamentario do ano 2026 que conta con un orzamento total de 30.000,00 €.

Quinta. Contía e límites.

Os/as beneficiarios/as poderán recibir como máximo o 80% do orzamento presentado sobre os gastos subvencionables.

Sexta. Solicitude e documentación a achegar.

As entidades de carácter cultural que estean interesadas en optar á concesión das subvencións reguladas na presente convocatoria deberán solicitalo mediante a presentación da seguinte documentación:

- **Formulario 1:** Impreso oficial de solicitude, que irá acompañado da documentación que nel se indica.
- **Formulario 2:** Certificación do acordo de solicitude, nomeamento de representante para as relacións co Concello e número de socios.
- **Formulario 3:** Certificación dos datos bancarios da entidade (selado pola entidade bancaria) ou certificación bancaria.

Sétima. Lugar e prazo de presentación.

O prazo para a presentación de solicitudes empezará ao día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO e finalizará no prazo dun mes natural. No caso de que o último día de prazo coincida en festivo, sábado ou domingo, o prazo finalizará o día hábil seguinte.

Esta convocatoria publicarase na páxina web do Concello.

A presentación da solicitude implicará que se autoriza ao Concello para o tratamento automatizado de todos os datos contidos nela.



As solicitudes presentadas fóra do prazo anteriormente establecido non serán admitidas nesta convocatoria.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente na Sede Electrónica do Concello, ou en calquera das formas previstas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Oitava. Emenda da solicitude.

Se a solicitude non reúne os requisitos que sinala o artigo 66 da LPAC, requiriráselle ao interesado que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos.

Transcorrido o prazo sen que a solicitude fose emendada, e previa resolución do Concello de acordo co establecido no artigo 68 da LPAC, considerarase desistida.

Novena. Comisión técnica de avaliación.

A Comisión Técnica de Avaliación estará formada por:

Presidente: Alcaldesa do Concello de Tomiño, ou persoa en quen delegue.

Vogais: Concelleira de Cultura, Patrimonio e Normalización Lingüística, Concelleira de Parroquias e Educación, Concelleiro de Benestar Social e Deportes e Técnico/a en Cultura ou persoa que a substitúa.

Décima. Criterios de avaliación.

Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a Comisión Técnica de Avaliación valorará cun máximo de 100 puntos, tendo en conta a seguinte rúbrica de valoración:

1. Representatividade da entidade peticionaria no Concello, atendendo ao número de actividades desenvolvidas ou proxectadas de xeito conxunto con varias entidades (*Ata 20 puntos*)
2. Grao de interese xeral ou sectorial da actividade que se propoña realizar e a súa coordinación e complementariedade cos programas municipais. (*Ata 20 puntos*)
3. Número de posibles beneficiarios directos ou indirectos. (*Ata 20 puntos*)
4. Número de actividades propostas. (*Ata 10 puntos*)



5. Carácter periódico ou permanente das actividades desenvolvidas, tendo en conta os actos puntuais que animan a participación social mediante actividades culturais. *(Ata 10 puntos)*
6. Uso e fomento da lingua galega no ámbito de actuación de cada entidade. *(Ata 10 puntos)*
7. Forma de financiamento: subvencións ou axudas recibidas doutros organismos, públicos ou privados. *(Ata 5 puntos)*
8. No caso de facer uso de instalacións municipais, correcto mantemento das mesmas. *(Ata 5 puntos)*

Décimo primeira. Resolución e avaliación das propostas

A Comisión Técnica analizará e avaliará as propostas tendo en conta os criterios de avaliación que figuran na Base Décima das presentes bases.

A Xunta de Goberno Local, a vista da proposta de resolución definitiva realizada pola Comisión Técnica, resolverá o procedemento.

A resolución será motivada e conterà, ademais do/a solicitante ou relación de solicitantes aos que se concede a subvención, a desestimación do resto das solicitudes.

En todo caso procederase a ditar resolución de outorgamento da subvención no prazo máximo de dous meses a contar dende o remate do prazo establecido para presentar as solicitudes.

A resolución que se adopte pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderase interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso ante o xulgado do contencioso administrativo.

Décimo segunda. Aceptación da subvención e compromisos.

A subvención entenderase aceptada polo persoal/entidade solicitante se dentro do prazo de 10 días seguintes á recepción da comunicación da concesión, non manifesta nada en contra.

Os/as beneficiarios/as das subvencións, unha vez aceptadas estas, terán a obriga de destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidas.

Os/as beneficiarios/as, ademais de realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención nos prazos sinalados, someteranse ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención polo órgano instructor e facilitará canta información lle sexa requirida.



Décimo terceira. Obrigas dos/as beneficiarios/as.

Ademais das obrigas sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os/as beneficiarios/as deberán aceptar as seguintes obrigas:

- Realizar en prazo a finalidade obxecto da subvención, así como presentar en forma e prazo a xustificación, conservando os documentos xustificativos da aplicación dada aos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Responder da veracidade dos datos da solicitude e cumprir todas as normas establecidas nesta convocatoria.
- Incorporar o distintivo do Concello de Tomiño en tódalas actividades e comunicacións relacionadas coa actividade subvencionada (publicacións, carteis, rótulos, soportes dixitais, redes sociais, equipamentos, etc.), mencionando expresamente a colaboración do Concello de Tomiño.
- O logotipo oficial do Concello deberá figurar nun lugar visible e destacado nos soportes gráficos ou dixitais que anuncien ou difundan a actividade subvencionada, gardando unha proporción axeitada respecto doutros posibles patrocinadores ou colaboradores.
- A entidade beneficiaria informará ás persoas integrantes da entidade (usuarios das actividades, familias no caso de menores de idade, persoal técnico e directivo, así como socios das asociacións) da concesión da subvención municipal, promovendo así a transparencia e o coñecemento do apoio público recibido.
- Co obxecto de dar visibilidade á colaboración institucional, as entidades realizarán comunicacións periódicas a través dos seus medios habituais nas que se recoñeza o apoio do Concello de Tomiño ao desenvolvemento da súa actividade deportiva.
- No inicio de novas actividades subvencionadas, nas actividades que continúen pero sexan financiadas así como nas novas incorporacións a actividades xa en marcha, procurárase informarse ás persoas participantes de que a actividade conta co apoio económico do Concello de Tomiño no marco da convocatoria municipal correspondente.
- As entidades comunicarán ao Concello de Tomiño, cunha antelación suficiente, a celebración de eventos, competicións ou actos de especial relevancia vinculados á actividade subvencionada, co fin de posibilitar a asistencia de representantes institucionais e reforzar a colaboración pública no ámbito cultural.
- As entidades facilitarán, no marco da colaboración institucional, a presenza de representantes do Concello de Tomiño nas actividades ou eventos vinculados á subvención, cando así se acorde previamente.



- O compromiso da utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión de calquera actividade ou evento, así como, a recomendación do emprego do idioma galego.
- Colaborar na organización de calquera actividade deportiva, cultural ou social que se lle sexa requirida polo Concello de Tomiño.

Décimo cuarta. Forma e prazo de pagamento da subvención.

O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria na conta que figura no formulario 3, previa presentación dos formularios 4 e 5, xunto coa documentación que neles se require.

O importe a xustificar non será inferior en ningún caso ao 125 % do importe de subvención concedida.

O importe da subvención concedida aboarase unha vez aprobada definitivamente e previa xustificación dos gastos subvencionables, mediante a presentación da seguinte documentación:

- Formularios IV e V.
- Facturas e formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que quede identificado o/a beneficiario/a, o importe e a data de pagamento (cartóns bancarios de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.).
- Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas: nº factura, data de emisión, provedor, CIF, concepto, importe e data de pago.
- Documento probatorio da difusión da colaboración do Concello na actividade subvencionada.
- Os certificados de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e seguridade social deberán estar vixentes no momento da xustificación.

Décimo quinta. Prazo de xustificación da subvención.

O prazo máximo para xustificar a subvención será o 30 de outubro de 2026.

Décimo sexta. Reintegro de subvencións.

As axudas concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- Ao obtelas falseando as condicións requiridas.
- Ao non aplicalas para os fins para os que foron concedidas.



- Ao incumprir o/a beneficiario/a as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.

As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 37 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os formularios estarán a disposición dos interesados nas dependencias do Concello de Tomiño e a través da páxina web <https://tomino.gal/>.

As bases desta convocatoria atópanse publicadas no “Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas (BDNS)”.

Décimo sétima. Réxime xurídico aplicable.

As Bases da convocatoria e cantos actos administrativos que se deriven delas e das actuacións da Comisión de valoración poderán ser impugnadas nos casos e na forma prevista na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, así como pola Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A Concelleira de Cultura, Patrimonio e Normalización Lingüística,
Ana Isabel Fernández Carrera.

(data e sinatura dixital á marxe)

